

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS ÁS E AOS DEPORTISTAS DE NIVEL FEDERADAS/OS DE PONTEAREAS PARA A PREPARACIÓN DAS DIFERENTES COMPETICIÓNS DURANTE ANO 2022

PRIMEIRA.- Obxecto da Convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a Deportistas de Nivel do Concello de Ponteareas, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de apoiar o deporte de nivel no municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 5.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/34000 4890300, cun límite máximo por bolseira ou bolseiro de 1.000,00 euros.

SEGUNDA.- Requisitos Xerais.

Poderán participar nesta convocatoria deportistas do Concello de Ponteareas que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroadas/os no Concello de Ponteareas cunha antigüidade de, cando menos, dous anos consecutivos no ano da solicitude.
- Ter entre quince e trinta e cinco anos a data 31 de decembro de 2021.
- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
- Non ser beneficiario de Bolsa ADO.
- Non sufrir sanción ou descualificación por comportamento antideportivo.



- Non estar incurso/o en causa de exclusión ou prohibición do artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.
- Ter participado na temporada precedente en:
 1. Campionatos oficiais do Estado Español ou de nivel superior.
 2. Convocatorias das seleccións galega ou española da especialidade.
 3. Probas oficiais de nivel competitivo superior aos campionatos galegos, así recoñecidas e acreditadas pola Federación correspondente.

Os méritos acadados pola/o deportista durante a temporada precedente serán xustificados mediante Certificación da Federación deportiva correspondente ou documento de organismo oficial que o acredite.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria as/os deportistas que participen en competicións por equipos de carácter oficial en formato de ligas regulares.

TERCEIRA. Gastos subvencionábeis.

Serán subvencionábeis, con carácter xeral, os gastos xerados ou que poidan xerar a práctica deportiva das persoas beneficiarias, e en concreto os seguintes gastos:

- Arrendamento da vivenda habitual o de inmóbeis que, non sendo a vivenda habitual da persoa beneficiaria, lle resulte necesario habitar con carácter temporal para a súa práctica deportiva.
- Aloxamento hoteleiro necesario para a práctica deportiva da beneficiaria.
- Aloxamento en residencias educativas de calquera grado.
- Material deportivo ou educativo de carácter funxible.
- Arrendamento de material inventariable.
- Enseres persoais relacionados coa práctica deportiva.



- Alimentación, tanto en establecementos distribuidores de alimentos coma en establecementos hostaleiros.
- Servizos sanitarios (medicina deportiva, fisioterapia...).
- Servizos deportivos imprescindíbeis para o desenvolvemento da práctica deportiva.
- Traslados necesarios para a práctica deportiva da persoa beneficiaria.
- Desprazamentos en vehículos particulares para participar en competicións ou para adestramentos. Estes gastos computaranse ao prezo de 0,19€ por quilómetro xustificado.
- Subscrición de contratos de seguros de vivenda, de vida ou de vehículo, satisfeitos dentro do período subvencionable.
- Expedición da licenza federativa.
- Inscrición en campionatos e probas deportivas.

O período de tempo no que se terán en conta os gastos xerados, será entre a data de publicación da anterior convocatoria (10 de setembro de 2021) ata a data de publicación da actual convocatoria.

CUARTA.- Documentación, formalización e presentación das solicitudes:

4.1.- As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, ou en calquera dos lugares aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, sendo preferente a súa presentación de xeito telemático

No caso de que as solicitudes se envíen por correo, deberá xustificarse co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao Concello a remisión da solicitude mediante correo electrónico (deportes@ponteareas.gal) ou fax (986 660647) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude de presentación.



4.2.- O prazo de presentación das solicitudes será de quince días naturais a contar dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

4.3.- Copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2022. Para a realización da compulsa será preciso presentar o orixinal da mesma no momento de realizala.

4.4.- Declaración de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas. (Anexo II)

4.5.- Autorización asinada para que o Concello consulte os ficheiros da Seguridade Social, Facenda Pública , Axencia Tributaria, Oral e as que fosen necesarias para a comprobación de atoparse ao corrente en obrigas tributarias e coa seguridade social, ou ben aportar os certificados no momento da solicitude e no momento do pago da subvención. (Anexo III)

4.6.- Certificado de número IBAN da conta corrente do que sexa titular o solicitante ficha de terceiros debidamente cumprimentada .

4.7.- O incumprimento dos requisitos xerais establecidos na Base Segunda, determinará a exclusión do solicitante para ser beneficiario/a, con preclusión do seu dereito de ser incluído como posible adxudicatario/a da bolsa, así como se lle terá desistido da súa solicitude sen máis trámite.

4.8.- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse á/ao solicitante, no prazo improrrogable de dez días hábiles, para que achegue a documentación omitida ou modifique no seu caso a presentada se resultase procedente.

4.9.- Transcorrido o devandito prazo e sen cumprir as condicións terase por desistida a solicitude presentada.

4.10.- O incumprimento dos requisitos xerais establecidos na Base Segunda, determinará a exclusión do solicitante para ser beneficiario/a, con preclusión do seu dereito de ser incluído como posible adxudicatario/a da bolsa, así como se lle terá desistido da súa solicitude sen máis trámite

4.11.- Toda a documentación presentada entenderase como confidencial e de uso reservado do Concello de Ponteareas.



4.12.- En calquera caso, a Comisión de Valoración do Concello de Ponteareas valorará a documentación achegada polos solicitantes, que será proposta para a súa aprobación polo Alcalde ou persoa en quen delegue.

QUINTA.- Obrigacións das persoas beneficiarias.

5.1.- Levar a cabo a actividade obxecto da bolsa segundo as condicións establecidas.

5.2.- Someterse a cantas actuacións de comprobación e control se consideren necesarias por parte do Concello de Ponteareas, achegando toda a información que lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.

5.3.- Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente (se o Concello de Ponteareas o considera pertinente, o beneficiario verase obrigado a acreditar o cumprimento mediante informe/certificado médico).

5.4.- Comprometerse a obrar e cumprir, en todo momento, con regras e valores do "Xogo Limpo", publicados polo Consello Superior de Deportes.

5.5.- Levar o logotipo do Concello de Ponteareas, ou calquera outra imaxe institucional que o Concello determine, tanto na súa indumentaria coma nalgún outro elemento susceptible de incorporalo. Acreditarase a devandita imaxe con achega de fotografía.



5.6.- Colaborar coa Concellaría de Deportes naqueles programas deportivos para os que sexan requiridos aos efectos de promoción e extensión deportiva.

5.7.- Comunicar á Concellaría de Deportes a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade, sempre que lle sexa requirido.

SEXTA.- Procedemento de concesión, órgano de instrución, Comisión de Avaliación e resolución.

6.1.- A concesión das bolsas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva.

6.2.- O órgano encargado da instrución do procedemento será o encargado do Departamento de Deportes do Concello de Ponteareas, que acordará todas as



actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.

6.3.- Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución realizaranse a través do taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas, na páxina web e a través de notificación persoal.

6.4.- Mediante proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Facenda, publicarase na localización web, no taboleiro de anuncios do Concello e a través de notificación persoal, a relación provisional das solicitudes presentadas, admitidas e excluídas, con expresión da causa de exclusión e necesidade de subsanación no prazo de dez días hábiles dende o seguinte á publicación. En caso de non emendar a causa de exclusión terase por desistida a solicitude.

6.5.- Unha vez transcorridos os prazos de emenda publicarase nos mesmos medios a relación definitiva de admitidos e de excluídos.

6.6.- O órgano instructor elaborará un informe previo sobre as solicitudes admitidas que se lle trasladarán á Comisión de Avaliación.

6.7.- A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta/e: O concelleiro de Deportes ou persoa en quen delegue.
- Secretaria/o: Unha persoa funcionaria do departamento de Secretaría.
- Vogais: Unha persoa do departamento de Intervención do Concello.

A persoa responsábel do departamento de Deportes, que non terá voto.

6.8.- Á vista do informe do instructor do expediente, da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, o Concelleiro Delegado de Facenda ditará resolución comprensiva dos seguintes extremos:

- Relación de solicitantes aos que se lle concede subvención.
- Contía concedida.
- Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.



- Recursos que se poderán interpoñer contra esta e prazo de presentación destes.
- Calquera outra condición particular que deba cumprir o beneficiario.

6.9.- A publicación na localización web e no taboleiro de anuncios do Concello substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos segundo a Lei de procedemento administrativo común.

6.10.- O prazo máximo de resolución será de dous meses a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Se transcorrido o devandito prazo non tivese recaído resolución expresa, as solicitudes presentadas poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga de resolver.

6.11.- As subvencións reguladas nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte aos criterios que de seguido se sinalan:

Participación en campiónatos a nivel do Estado Español ou de nivel superior (clasificación final):

- Campiónatos do mundo-olimpíadas (ata un máximo de 50 puntos)

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil	20 puntos	18 puntos	16 puntos	10 puntos	5 puntos
Sénior	30 puntos	28 puntos	26 puntos	15 puntos	10 puntos

- Campiónatos de Europa (ata un máximo de 40 puntos)

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil	15 puntos	13 puntos	11 puntos	8 puntos	3 puntos
Sénior	20 puntos	18 puntos	16 puntos	12 puntos	8 puntos



- Campionatos do Estado Español (ata un máximo de 30 puntos)

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil	8 puntos	7 puntos	6 puntos	5 puntos	2 puntos
Sénior	12 puntos	11 puntos	10 puntos	9 puntos	5 puntos

Unicamente se puntuará a clasificación final do campionato; en ningún caso se puntuarán probas soltas daqueles campionatos disputados en varias xornadas.

Convocatorias oficiais coa selección galega ou do Estado Español da especialidade:

- Selección do Estado Español (ata un máximo de 30 puntos)

CONVOCATORIAS	Unha	Máis dunha	Concentrado permanente
Xuvenil	5 puntos	7 puntos	14 puntos
Sénior	10 puntos	15 puntos	30 puntos

- Selección galega (ata un máximo de 12 puntos)

CONVOCATORIAS	Unha	Máis dunha	Concentrado permanente
Xuvenil	2,5 puntos	3,5 puntos	7 puntos
Sénior	4 puntos	6 puntos	12 puntos



Outras probas e campionatos

- Participación en probas oficiais de superior categoría aos campionatos galegos: (ata un máximo de 10 puntos)

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil	3 puntos	2,75 puntos	2,5 puntos	1 punto	0,5 puntos
Sénior	5 puntos	4,75 puntos	4,5 puntos	3 puntos	1 punto

SÉTIMA.- Abono e xustificación da bolsa.

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos/as perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

7.1.- Facturas de gasto de 2021 ou 2022 relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministración, prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar os conceptos incluídos na mesma, e a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria. O período de tempo no que se terán en conta os gastos xerados, será entre a data de publicación da anterior convocatoria (10 de setembro de 2021) ata a data de publicación da actual convocatoria

7.2.- Declaración responsable de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida. (Anexo V)

7.3.- Declaración responsable doutras axudas e/ou subvencións concedidas ou pendentes de conceder durante o ano 2022 con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado. (Anexo V)



7.4.- Memoria das actividades realizadas obxecto da subvención, incluíndo cartelaría, artigos de prensa, ...

7.5.- Declaración responsable de gastos e ingresos detallados realizados no período subvencionable. (Anexo IV)

As subvencións xustificaranse antes do 10 de decembro de 2022. O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención municipal e posterior aprobación da mesma polo Concelleiro de Facenda, quen ordenará o pago. O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida.

O Departamento de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, as persoas perceptoras destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas no suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

OITAVA.- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1.- A presentación de solicitude de bolsa leva implícita a autorización ao Concello de Ponteareas para que publique na súa páxina web a relación de beneficiarios/as e o importe das bolsas concedidas, coas excepcións previstas nas leis.

2.- De acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Ponteareas coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.



As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Ponteareas ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Infórmase á persoa beneficiaria que os datos persoais que figuren na solicitude poderán ser publicados na páxina web oficial do Concello de Ponteareas, con motivo da tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.

Mediante a presentación da solicitude, a persoa beneficiaria autoriza ao Concello de Ponteareas para que utilice os Datos Persoais que aquel proporcione do seguinte xeito:

- Os datos que correspondan, poderán ser facilitados a diferentes administracións públicas, co fin de realizar os trámites necesarios inherentes á tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.
- Os datos persoais que figuren na solicitude poderán ser publicados na páxina web oficial do Concello de Ponteareas, con motivo da tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.

A persoa beneficiaria poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteareas.

3.-Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Ponteareas, e demais normativa aplicable.



ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE BOLSAS A DEPORTISTAS DE NIVEL 2022

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

PERSONA SOLICITANTE:	
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
DATA DE NACEMENTO:	
CORREO-E:	TELÉFONO:

PERSOA REPRESENTANTE (De ser o caso)

NOME E APELIDOS:	
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
DATA DE NACEMENTO:	
CORREO-E:	TELÉFONO:

<p><u>Declaro que:</u> Reúno todos e cada un dos requisitos da convocatoria. Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.</p> <p>Documentación achegada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Anexo II - Declaración responsable de que a persoa non se atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario <input type="checkbox"/> Anexo III – Autorización comprobación de estar ao corrente coas administracións <input type="checkbox"/> Anexo IV – Relación de gastos e ingresos. <input type="checkbox"/> Anexo V – Declaración outras subvencións. <input type="checkbox"/> Copia compulsada da licenza federativa <input type="checkbox"/> Memoria da actividade incluíndo cartelaría, artigos de prensa, ... <input type="checkbox"/> Fotografías acreditando a utilización do logotipo do Concello <input type="checkbox"/> Ficha de terceiros (no caso de non tela presentado noutras ocasións) 	
LUGAR E DATA:	SINATURA:
En Ponteareas, a de de 2022	



ANEXO II – DECLARACIÓN

D. /D^a....., con DNI nº.....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE non me atopo incurso /a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións o axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que neste houberse adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclusa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. Letra b) do número 2 do artigo 10 redactada polo artigo 26 da Lei 12/2014, 22 decembro, de medidas fiscais e administrativas

c) Dar lugar, por causa de que foran declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís o aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.

e) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias o fronte a Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non atoparse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei o la Lei xeral tributaria.

Ponteareas, a de de 2022

Asdo:



ANEXO III – AUTORIZACIÓN COMPROBACIÓN

D. /D^a....., con DNI nº.....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE en cumprimento do punto 4.5 da cláusula cuarta das bases de convocatoria, e de acordo co punto 5.2 da cláusula quinta, **AUTORIZO** ao Concello de Ponteareas para o acceso aos ficheiros das administracións publicas co fin de realizar as comprobacións de atoparse ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social, coa Facenda Publica da Comunidade Autónoma De Galicia e cos tributos municipais.

Ponteareas, a de de 2022

Asdo.:



ANEXO IV – MODELO DE RELACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

1.- GASTOS

CONCEPTO	FACTURA (nº, data,...)	IMPORTE
TOTAL		

2.- INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

E para que así conste perante o Concello de Ponteareas, aos efectos da subvención conceder por esta institución, acompaño os documentos que o demostran e subscribo a presente, en Ponteareas, a..... de de 2022.

Asdo:



ANEXO V – DECLARACIÓN SUBVENCIONS

D. /D^a....., con DNI nº.....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE se realiza durante o ano obxecto da presente subvención o fin para o que esta foi concedida.

Así mesmo, **DECLARO** que

solicitei recibín

non solicitei non recibín

subvencións doutras administracións para o mesmo fin.

En caso afirmativo, indicar o detalle.

Para que así conste perante este Concello aos efectos de xustificación da subvención concedida, suscribo a presente, en

Ponteareas, a de de 2022

Asdo.:

